



## DATOS IDENTIFICATIVOS

### Procedementos Tributarios

Materia	Procedementos Tributarios			
Código	V08M129V01107			
Titulación	Máster Universitario en Dereito de Empresa			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	3	OB	1	1c
Lingua de impartición	Castelán			
Departamento	Dereito público especial Dpto. Externo			
Coordinador/a	Fernández López, Roberto Ignacio			
Profesorado	Aneiros Pereira, Jaime Fernández López, Roberto Ignacio Ibáñez Brillas, Pedro López Martínez, José Manuel			
Correo-e	rfernandez@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	""Procedementos Tributarios"" constitúe a materia *introdutoria do módulo específico de Dereito tributario a impartir neste Máster. De maneira particular, prestarase especial atención ás obrigacións tributarias formais dos empresarios ao comezo e no desenvolvemento da súa actividade económica, así como ao seu estatuto xurídico fronte á Administración nos procedementos de aplicación dos tributos (xestión, inspección e recadación), no procedemento sancionador tributario, e na revisión en vía administrativa e contenciosa.			

## Competencias

Código	
A1	Posuír e comprender coñecementos que acheguen unha base ou oportunidade de ser orixinais no desenvolvemento e/ou aplicación de ideas, adoito nun contexto de investigación.
A2	Que os estudantes saiban aplicar os coñecementos adquiridos e a súa capacidade de resolución de problemas en contornos novos ou pouco coñecidos dentro de contextos máis amplos (ou multidisciplinares) relacionados coa súa área de estudo.
A3	Que os estudantes sexan capaces de integrar coñecementos e se enfrontar á complexidade de formular xuízos a partir dunha información que, sendo incompleta ou limitada, inclúa reflexións sobre as responsabilidades sociais e éticas vinculadas á aplicación dos seus coñecementos e xuízos.
A4	Que os estudantes saiban comunicar as súas conclusións, e os coñecementos e razóns últimas que as sustentan, a públicos especializados e non especializados dun xeito claro e sen ambigüidades.
A5	Que os estudantes posúan as habilidades de aprendizaxe que lles permitan continuar estudando dun xeito que terá que ser, en grande medida, autodirixido e autónomo.
B1	Capacidade de aprender de forma autónoma.
B2	Capacidade de resolver problemas de forma efectiva.
B5	Capacidade de traballar en equipo e coordinar grupos de traballo.
B6	Compromiso ético e responsabilidade social como cidadán e como profesional.
C6	Coñecer dende un punto de vista práctico as principais obrigas formais das empresas para o exercicio e desenvolvemento das súas actividades económicas.
C7	Coñecer as especialidades que formulan os procedementos tributarios para as empresas.
C10	Actuar como asesor xurídico-tributario de empresas a nivel interno e internacional.
D1	Capacidade de xestión da información.
D2	Capacidade de organizar e planificar.
D3	Capacidade para resolver os problemas xurídicos que surxen no ámbito do Dereito de Empresa.
D4	Integrar coñecementos e formular xuízos referidos ao Dereito empresarial.
D5	Capacidade para afrontar desde un punto de vista xurídico as diferentes problemáticas vinculadas ás empresas.

## Resultados de aprendizaxe

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Especialización nos aspectos relacionados coas obrigacións tributarias materiais e formais das empresas.	A1 A2 A3 A4 A5 B1 B2 B5 B6 C6 C10 D1 D2 D3 D4 D5
Adquirir os coñecementos prácticos necesarios para a correcta aplicación dos tributos no ámbito das empresas.	A1 A2 A3 A4 A5 B1 B2 B5 B6 C7 C10 D1 D2 D3 D4 D5

## Contidos

Tema	
I.- AS OBRIGACIÓNS TRIBUTARIAS FORMAIS DOS EMPRESARIOS	<p>1.- Obrigacións derivadas do inicio da actividade.-</p> <p>a) Obrigación de presentar declaracións censais:</p> <ul style="list-style-type: none"><li>- As declaracións censais de alta, modificación e baixa no Censo de Empresarios, Profesionais e Retedores.</li><li>- Actuacións e procedementos de comprobación censal.</li></ul> <p>b) Obrigacións relativas ao número de identificación fiscal:</p> <ul style="list-style-type: none"><li>- Assignación e revogación do NIF.</li><li>- Especialidades do NIF dos empresarios ou profesionais a efectos do IVE.</li></ul> <p>2.- Obrigacións durante o exercicio da actividade.-</p> <p>a) Obrigacións relativas aos libros rexistros fiscais.</p> <p>b) Obrigacións de información con transcendencia tributaria:</p> <ul style="list-style-type: none"><li>- A obrigación de informar as operacións con terceiras persoas.</li><li>- A obrigación de informar sobre operacións incluídas nos libros rexistros.</li></ul> <p>c) Obrigacións de facturación:</p> <ul style="list-style-type: none"><li>- A factura: concepto, natureza, clases e valor probatorio.</li><li>- A obrigación de expedir, entregar e conservar facturas ou outros xustificantes das operacións.</li></ul>

II.- A REGULARIZACIÓN TRIBUTARIA: REQUISITOS E CONSECUENCIAS

- 1.- A regularización nos procedementos de xestión tributaria.-
  - a) Procedementos de comprobación tributaria con incidencia nos empresarios e profesionais.
  - b) Especial referencia ao procedemento de comprobación limitada.
  - c) A liquidación tributaria: natureza e efectos.
- 2.- A regularización no procedemento inspector.-
  - a) Funcións da Inspección dos Tributos.
  - b) O procedemento inspector.
  - c) Documentación das actuacións inspectoras. Especial referencia ás actas.

III.- A RECADACIÓN

- 1.- A posición privilexiada do crédito tributario.
- 2.- Aplazamento e fraccionamento da débeda tributaria.-
  - a) Solicitude, tramitación e resolución de aplazamentos e fraccionamentos.
  - b) Garantías e medidas cautelares nos aplazamentos e fraccionamentos.
- 3.- A responsabilidade.-
  - a) O responsable: concepto, natureza e clases.
  - b) Especial referencia á responsabilidade dos administradores de persoas xurídicas.
- 4.- O período executivo e o procedemento de prema.

IV.- INFRACCIÓNS E SANCIÓN TRIBUTARIAS APLICABLES ÁS EMPRESAS. PROCEDIMENTO SANCIONADOR

- 1.- Clasificación das infraccións e sancións tributarias con especial incidencia para os empresarios e profesionais.
- 2.- O procedemento sancionador en materia tributaria.

V.- A REVISIÓN EN VÍA ADMINISTRATIVA E CONTENCIOSA

- 1.- A revisión dos actos tributarios na vía administrativa e económico-administrativa.-
  - a) Procedementos especiais de revisión.
  - b) O recurso potestativo previo de reposición.
  - c) As reclamacións económico-administrativas.
- 2.- O contencioso tributario.-
  - a) A competencia dos órganos da xurisdición contencioso-administrativa en materia tributaria.
  - b) A suspensión en vía contenciosa do acto impugnado.
  - c) A extensión dos efectos de sentenzas en materia tributaria.

**Planificación**

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Resolución de problemas e/ou exercicios	0	50	50
Estudo de casos/análises de situacións	24	0	24
Resolución de problemas e/ou exercicios	1	0	1

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

**Metodoloxía docente**

	Descrición
Resolución de problemas e/ou exercicios	Proporase aos alumnos a resolución de casos prácticos de forma autónoma.
Estudo de casos/análises de situacións	Proporase aos alumnos a realización do estudo de textos e resolución de supostos prácticos.

**Atención personalizada**

Metodoloxías	Descrición
Resolución de problemas e/ou exercicios	Atenderanse e resolveranse dúbidas do alumno respecto dos contidos, actividades e/ou exercicios que se propuxeron para adquirir as competencias perseguidas.

**Avaliación**

	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Estudo de casos/análises de situacións	Proporase aos alumnos a realización do estudo de textos e resolución de supostos prácticos. Como sistema de avaliación continua, valorarase especialmente a participación activa do alumno nas devanditas actividades, o que representará o 50% da súa cualificación final.	50	C6 C7 C10
Resolución de problemas e/ou exercicios	Proba teórico-práctica final, que representa o 50% da nota, orientada a verificar a adquisición de destrezas e competencias polos alumnos.	50	C6 C7 C10

### **Outros comentarios sobre a Avaliación**

#### **Primeira convocatoria:**

Para seguir o sistema de avaliación continua será necesario asistir ao 90% das sesións presenciais. No exame final terase que alcanzar a cualificación mínima de 3 puntos (sobre 5). Os alumnos deberán asistir ás actividades que lles indiquen os coordinadores da materia e que se computarán coma horas de docencia.

**Segunda convocatoria:** Rexerase polas mesmas normas e criterios da primeira convocatoria.

### **Bibliografía. Fontes de información**

- GARCÍA BERRO, F.: *Procedimientos tributarios y derechos de los contribuyentes en la nueva Ley General Tributaria*, Marcial Pons, Madrid, 2004.

la Ley General Tributaria y reglamentos de desarrollo con jurisprudencia, - SÁNCHEZ BLÁZQUEZ, V.M. (Coordinador): *Procedimientos tributarios: teoría, cuestiones prácticas, jurisprudencia, doctrina administrativa*, Tomo I, Civitas Thomson-Reuters, Cizur Menor (Navarra), 2010.

#### **Bibliografía complementaria.-**

La Ley, Madrid, 2008.

### **Recomendacións**

#### **Materias que continúan o temario**

Dereito Tributario de Empresa/V08M129V01201

Fiscalidade Internacional e non Residentes/V08M129V01202